

ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE XULLO DE 2018 DA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ZONA DEPORTIVA” (Incluída no Plan de Obras e Servizos-Plan Concellos 2017-Liña 1)

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:11 horas, do día 5 de xullo de 2018, reúnen-se os integrantes da Mesa de Contratación para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do subministro e instalación de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ZONA DEPORTIVA”, que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José Carlos López Campos

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas Secretaria acctal., Municipal
- Dona Rosa M.ª Méndez Aragunde, Interventora acctal., Municipal.
- Dna. Mónica Neira Mato, Arquitecta Municipal (en substitución de D. Daniel Órrea Corral, por atoparse este de vacacións)
- Non asisten os representantes dos grupos políticos PS de G-PSOE, MOVETE e BNG
- SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa que, de conformidade co acordado na reunión celebrada o día 26 de abril de 2018, na que se procedeu á apertura do sobre A (documentación administrativa) detectouse que a empresa TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS S.L., non presenta a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación tal e como se establecía na cláusula 8, sobre A (documentación administrativa) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. A Mesa, por unanimidade, ao considerar que se trata dunha omisión enmendable, requiríulle á citada empresa, para que no caso de que seguise interesada neste procedemento, aportara a indicada documentación nun prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción do requerimento.

Durante o prazo concedido a empresa TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS S.L., presenta correctamente a documentación que se lle solicitaba, polo tanto continúa nesta licitación.

A partires deste momento o acto pasa a ter carácter público.

Asisten ao mesmo D. Andrés Granja Míguez con DNI nº 52480876M en representación da empresa FORMATESA LALÍN S.L. e D. Carlos Failde Pereiras con DNI nº 76868257A en representación da empresa RICARSAT S.L.

De seguido polo Presidente da Mesa procédese á apertura do sobres B (Oferta), obténdose o seguinte resultado:

ENERFREE S.L.

Oferta económica	60.679,80 euros
Aumento do prazo de garantía	8 anos

-HALMAN ENERGIE S.L.

Oferta económica	65.333,95 euros
Aumento do prazo de garantía	8 anos

-MICRO LED LA MANCHA S.L.

Oferta económica	50.674,34 euros
Aumento do prazo de garantía	10 anos

-RICARSAT S.L.

Oferta económica	54.711,11 euros
Aumento do prazo de garantía	42 meses

-GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.

Oferta económica	50.810,50 euros
Aumento do prazo de garantía	3 anos

-INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.

Oferta económica	62.503,76 euros
Aumento do prazo de garantía	8 anos

-JAVI LUZ ELECTRICIDAD S.L.

Oferta económica	60.115,22 euros
Aumento do prazo de garantía	3 anos

-S3 SYSTEMS & SOLUCIÓNS S.L.

Oferta económica	55.539,00 euros
Aumento do prazo de garantía	4 anos

-FERROVIAL SERVICIOS S.A.

Oferta económica	65.075,05 euros
Aumento do prazo de garantía	3 anos

-FORMATESA LALÍN S.L.

Oferta económica	60.256,79 euros
Aumento do prazo de garantía	37 meses

-TÉCNICAS ENERXÉTICAS INTEGRALES GALICIA S.L.

Oferta económica	60.717,80 euros
Aumento do prazo de garantía	8 anos

-TÉCNICAS EDIFICATIVAS INNOVADORAS S.L. (TEISA)

Oferta económica	51.654,90 euros
------------------	-----------------

Aumento do prazo de garantía	8 anos
------------------------------	--------

-CONSECYR S.L.

Oferta económica	47.674,00 euros
Aumento do prazo de garantía	8 anos

-ELVAN INSTALACIONES S.L.

Oferta económica	65.224,41 euros
Aumento do prazo de garantía	3 anos

A partir deste momento este acto pasa a non ser de carácter público.

Seguidamente a Mesa, e de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, advirte que unha das ofertas pode estar incurso en baixa anormal ou desproporcionada, polo que ao abeiro do establecido na cláusula 9 do PCAP, procede a facer os cálculos correspondentes:

- 1) suma das catorce ofertas presentadas: 810.970,63 euros.
- 2) media aritmética das catorce ofertas: 57.926,47 euros.
- 3) 10 unidades porcentuais de dita media: 5.792,65 euros
- 4) oferta desproporcionada ou anormal: calquera por debaixo do seguinte umbral: 52.133,83 euros.

Polo tanto, a oferta económica presentada polas empresas MICRO LED LA MANCHA S.L., GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., TEISA E CONSECYR S.L., estarían en suposto de oferta anormal ou desproporcionada, pois as súas contías son inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas admitidas.

Ao abeiro do establecido na cláusula 10 do PCAP, que di: *“Cando o órgano de contratación identifique una proposición que poida ser considerada desproporcionada, notificará esta circunstancia aos licitadores comprendidos nela, para que no prazo de cinco días xustifiquen ditas ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables das que dispoñan para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas a protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación...”*, esta Mesa acorda requirir ás licitadoras MICRO LED LA MANCHA S.L., GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., TEISA E CONSECYR S.L., para que no prazo de 5 días naturais a contar dende a notificación do requirimento, xustifique dita oferta e precise as condicións da mesma.

Unha vez presentada dita xustificación e informada por un técnico municipal, a Mesa volverase a reunir, en acto non público, e en función de se dita xustificación se considera suficiente, o órgano de contratación determinará a súa admisión para continuar no procedemento de licitación.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e cinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)